

10

anos da

A.C. As Lagoas

1988 ~ 1998



PRESENTACIÓN

Despois de 10 anos de traballo a prol da cultura en Bueu, a Asociación Cultural "As Lagoas" quere compartir con todos vos a celebración deste 10º Aniversario.

Aló polo ano 88, un grupo de vintetantas persoas preocupadas pola falla de iniciativas culturais no noso pobo toman a iniciativa de constituírse en asociación cultural. E empezan a camiñar cun grupo de teatro infantil, charlas informativas, recuperación de vellas fotografías,... ata hoxe. As actividades cambian, algunhas persoas xa non están no proxecto e outras fóronse incorporando a él.

Un proxecto que vai cambiando e adaptándose ás realidades socioculturais da comunidade.


Un proxecto que se vai concretando día a día, ás veces coa concurrencia doutros colectivos, outras só co traballo dos nosos asociados e colaboradores.

Con esta pequena publicación queremos comparti-la celebración de 10 anos de traballo. Nela tamén nos acompañan colectivos que agora mesmo forman parte do movemento asociativo e cultural de Bueu, persoeiros que ó longo destes 10 anos nos brindaron coa súa presenza ánimo para seguir traballando, compañeiros de andaina,...

E coidamos que aínda nos quedan forzas para seguir facendo camiño.

Bueu, 10 de xuño de 1999

O PRESIDENTE
Xosé Antón Freire



BREVE RESEÑA HISTÓRICA DA ASOCIACIÓN CULTURAL "AS LAGOAS"

A asociación cultural "As Lagoas" formouse en Bueu no ano 1988, tentando de cubrir un vacío existente no Concello en canto a actividades socioculturais.

Así, establecéronse como os seus fins: Promover todo tipo de actividades culturais Fomenta-la participación da comunidade de Bueu en actos, actividades e manifestacións sociais e culturais.

Durante a súa andaina foi consolidando ás súas actividades en torno a 4 grandes áreas:

RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA-LOCAL:

Recuperación de fotografías antigas, con tres momentos diferenciados:

- 1.- Recuperación das fotografías*
- 2.- Reproducción en diapositivas*
- 3.- Proxección das diapositivas para "devolverlle" á comunidade o recuperado.*

Hai que salientar que dentro desta área recibíuse unha subvención da Consellería de Cultura e Xuventude para levar a cabo esta recuperación, e quedando unha copia das diapositivas arquivadas no Centro Galego da Imaxen.

Recuperación dunha embarcación tradicional de Bueu: o bote polbeiro. Gracias a unha subvención da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura construímos unha embarcación que tivo unha gran importancia na economía local como foi o bote polbeiro. A pretensión da asociación e dar a coñecer esta embarcación que estaba practicamente desaparecida.

Recuperación dos muiños. Dendo o ano 94, a Asociación está a facer un esforzo de recuperación dos muiños como un elemento fundamental da vida socio-económica das aldeas. Empezamos por facer unha ruta polo río Inferno (parroquia de Cela), para coñece-lo estado en que se atopan os muiños. Despois, e en tódolos veráns seguintes, véñense facendo roteiros por este entorno, acompañado de guías e folletos explicativos.

RECUPERACIÓN DE TRADICIONS E XOGOS TRADICIONAIS

Celebración dun Campeonato de Trompos polo San Martiño, que vai xa pola 10º edición.

Participación no Entroido, animando á participación de nenos e grandes no desfile do Entroido no grupo da asociación.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS:

A Asociación programa periodicamente:Obras de teatro, tanto para adultos como nenos.

Audicións musicais.


Exposicións de fotografía, pintura e outras manifestacións artísticas.

Actuacións de grupos de ballet, baile,...

Durante algúns anos organizouse a actividade de verán "cine na rúa", que posteriormente foi asumida polo Concello Cada primavera, celébrase unha "debuxada", unha actividade participativa para nenos/as en torno ó debuxo.

Cabe destacar neste apartado a celebración cada outono do maratón fotográfico", que este ano celebrará a súa undécima edición. Esta actividade acada unha grande participación, tanto en nenos como en adultos. O resultado desta mañá maratoniana de fotografías refléxase nunha exposición que se inaugura o Día de San Martiño.

Organización de actividades en beneficio de causas solidarias: Festival de Axuda ó Sahara; presentación do libro "Construí-la paz", no que xunto con outras asociacións culturais, organizouse un Festival cultural gracias á colaboración desinteresada de moitos artistas de Bueu.



FORMACIÓN E INFORMACIÓN DA COMUNIDADE

A través de charlas, coloquios e conferencias, a Asociación tenta que a comunidade esté informada e poida opinar sobre temas de interese e de actualidade. Así, organizáronse, entre outras, sobre a "situación da Illa de Ons"; sobre o noso fronte marítimo: "Urbanismo na vila mariñeira de Bueu"; a nosa constante preocupación polo Museo Massó: "Museo Massó: Patrimonio Histórico-Artístico"; co gallo da botadura do bote polbeiro: "O bote polbeiro". Durante 4 anos organizar cursos de iniciación e perfeccionamento de galego, dentro da convocatoria anual da Consellería de Educación.

Cabe facer mención especial á constitución da Plataforma pola defensa do Museo Massó e demais Patrimonio Histórico-Artístico, na que a Asociación Cultural As Lagoas estivo desde os comezos, loitando por un patrimonio que naquel momento estaba en mans privadas, que hoxe foi comprado pola Xunta e polo que xunto con outros colectivos seguimos a loitar para a súa apertura ó público.

RETROSPECTIVA A DEZ ANOS DE ASOCIACIÓNS CULTURAI

Por Belarmino Barreiros Rosales

Fixo unha década xa, que en Bueu, coincidentes no tempo, fundábanse dúas entidades culturais que con ámbitos de actuación e por necesidades ben distintas, aínda que con semellante finalidade como era a promoción, achegamento e difusión de actividades e proxectos culturais propios suporían o agromar neste eido dentro do noso concello. Sen o seu traballo anónimo, permeable e constante nada tería sido igual, ¿pensades que non? Estoume a referir ás asociacións culturais As Lagoas en Bueu e Danzadeira en Cela. ¿Que cal era o panorama cultural do Bueu no 1988? Dende o punto de vista tan só dun estudante de dezaseis anos ben fácil: saír del. Non tiñamos biblioteca pública municipal ou mellor dito estaba a axencia de lectura de Beluso para certa prensa e o resto sen actualizar. A antiga biblioteca popular de Bueu tirada na casa número dous de Vincenti. O arquivo municipal non se sabía que era iso, daquela logo viría o paxaro do mal agoiro, pero si lembro habe-lo primeiro acto institucional das Letras Galegas porque as mencións da proposta de tan insigne concelleiro de cultura, "el de la opinión sólo mía" naquela sesión extraordinaria do Pleno da

Corporación por un Instituto, fóronlle entregadas a algún que pasaba por docente e que castigaba e pegaba por falar galego na escola, naqueles intres. Os que queríamos seguir estudiando non se soñaba con ter un centro de secundaria en Bueu, había que emigrar polo ben de ver mundo e esas cousas. Recordo a unhas persoas naqueles tempos logrando que o salón noble da Consistorial se convertese nunha improvisada sala de exposición con proxección de diapositivas sobre Bueu: ver Bueu "en cine", dicía a xente abraiada, foi para nós todo un descubrimento da técnica e do quefacer futuro. Nin que dicir ten que a ningún mandatario se lle ocorreu aproveita-la ocasión do cine Avenida para uso público nun momento clave onde Bueu agás a propia Casa do Concello, lonxa e praza era toda o patrimonio de equipamento e servicio público á cidadanía, porque as casas núm. 2 e 4 de Vincenti non se sabía de quen eran. Para a élite estaba o náutico. Nas parroquias, a cultura circunscribíase ó folclore das festas patronais e a catequese, si digo ben, porque naquelas datas, alomenos en Cela, tiñamos unhas actividades e un dinamismo en torno á catequese que facía que as chamadas semanas culturais que logo organizaría o Concello fosen anécdotas. Todo cambiou ou mellor dito, todo se reconverteu, por filtración do quefacer do asociacionismo local na sociedade. Pensemos hoxe no IESP "Johán Carballeira", a Biblioteca Pública de Bueu, a Casa do Pobo en Beluso, o Pavillón dos Deportes, o rexurdir do Museo Mariñeiro, a proliferación e nacemento de novas entidades de veciños, culturais, xuvenís, a recuperación do patrimonio veciñal ... e a biblioteca que se está a facer na Torre do Signo en Cela, ¿sería posible sen as asociacións, maiormente, as culturais? ¿acaso quen levou á evolución social daquel inmovilismo? Aínda estariamos esperando polo cínico remanente orzamentario municipal con que facer xusta resposta ás demandas sociais da nosa xente.

Outubro e vintecinco de mil novecentos noventa e oito.



AMIGOS DA BIBLIOTECA

A asociación "Amigos da Biblioteca" constitúese en Bueu (Pontevedra), en agosto de 1994.

"Amigos da Biblioteca" é unha asociación de carácter local, que no seu artigo segundo defínese como fomentadora da actividade bibliotecaria nos seus aspectos materiais e funcionais.

As súas actividades camiñan polo traballo de recuperación e filtración da documentación histórica do Concello de Bueu, consecución dunha Biblioteca Municipal con edificio propio, así como apoiar tódalas iniciativas que fagan outros colectivos e institucións tendentes a potencia-la actividade cultural de Bueu.

ASOCIACIÓN XUVENIL CARAMUXO

Se constitúe o 7 de Xullo de 1996 co fin de promover actuacións de ámbito xuvenil para o entretenimento, ocio, formación, información, etc. para os seus socios, que na actualidade son 45. Así, dende a nosa fundación, participamos tanto en solitario como en colaboura con outras Asociacións como A.C. Amigos da Vieira, A.C. As Lagoas, Mulleres Rurais, A.C. Banda de Música Artística de Bueu, Peña Celtista Bueu-Celeste, etc. , na organización de máis de 40 actividades entre as que podemos salientar as rutas marítimas nocturnas, os Magostos, os Concertos da Banda de Música, a Exhibición Canina, festas con hinchables, e diversas charlas.

Na actualidade nos atopamos nun momento clave xa que, tras a nosas xestións diante das empresas Santa Lucía e Central Funeraria, conseguimos que nos cedesen o local que nun principio se tiña destinado como tanatorio, para a apertura dun Centro Cultural que levará o nome de Manuel Alfonso Iglesias e será xestionado pola nosa Asociación pero disfrutabel por todas aquelas agrupacións que así o soliciten. Temos así mesmo proxectado para a próxima Primavera, có apoio da empresa Santa Lucía, o I Concurso de Pintura Escolar Manuel Alfonso Iglesias cunha dotación en premios de algo máis de medio millón de pesetas no que poderán participar tódolos colexios da Península do Morrazo. Seguiremos ademáis organizando diversas actividades e adicando unha maior atención os nosos socios que esperamos se incrementen.

Por último queremos felicitar a As Lagoas polo traballo realizado nestos dez anos de existencia e que esperamos siga a realizar xa que tódalas Asociacións somos necesarias , aportando o noso gran de area co fin de seguir elevando o nivel cultural e humán dos veciños e visitantes do municipio.

ASOCIACIÓN CULTURAL DANZADEIRA

A A.C. Danzadeira nace o 30 de xaneiro de 1988, fundamentalmente como grupo de baile folclórico que se vertebra do existente no Colexio Público Torre-Cela, e coa pretensión de ampliar as actividades no eido cultural.

Co paso do tempo a Escola de Baile e Gaitas dou inicio a outras actividades e proxectos encamiñados a un dobre fin:

**de promoción e educación cultural*

**de recuperación de todo o que supón o noso patrimonio, e neste senso van as actuacións de recollida de material etnográfico relacionado coa terra, a labranza, os cultivos xa desaparecidos e tamén material referido as tradicións orais: lendas, supersticións, ...*

ASOCIACIÓN AMIGOS DE JOHÁN CARBALLEIRA

A Asociación de Amigos de Johán Carballeira nace en novembro de 1996 a partir das inquietudes dun grupo de mozos e mozas da vila de Bueu con tres obxectivos fundamentais:

**Difundir a figura e obra (poética e xornalística) de Johán Carballeira por toda Galicia.*

**Erguer un monumento a unha das persoas máis relevantes que tivo esta vila no ámbito cultural e político, co gallo do sesenta cabodano do seu fusilamento.*

**Loitar para que lle sexa concedido nun futuro próximo o Día das Letras galegas polo seu labor xornalístico, xénero no cal foi innovador en Galicia no apartado das "Intervius" (entrevistas) e tamén nas reportaxes, outro xénero inusual na súa época.*

Entre os actos máis relevantes levados a cabo por esta asociación podemos destacar:

- Decembro 1996: Mesa redonda, "¿Quen era Carballeira?"

- Febreiro 1997: Recital poético-musical.

- Marzo 1997: Concerto de "Xenreira" no pub Aturuxo de Bueu.

- Maio 1997: Pintura e escultura en homenaxe a Johán Carballeira (subasta de cadros)

Novembro 1997: Presentación do libro de Suso Portela, J. Carballeira: poeta, xornalista, político. Valedor dos homes do mar. Ed. Ir Indo, 1997, Col. Galegos na historia.

Maio 1999: Colocación do monumento a Johán Carballeira

ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL, XUVENIL, DEPORTIVA "Meiro"

Constitúese o 3 de Xuño de 1997 con ámbito socio-cultural, deportivo e xuvenil e con tres obxetivos fundamentais:

Recuperación de tradicións como a sementeira de millo de corvo no marco da Semán Cultural adicada as labores do campo.

Organización do Festival Rural Rock.

Concentración de Bicicletas.



ASOCIACIÓN MOZOS E MOZAS DE BELUSO

A actividade desta asociación iniciase o mes de Xullo de 1997 có fin de ofrecer e organizar actividades culturais, sociais e de ocio á tódolos mozos da parroquia de Beluso.

Entre as suas principais actividades podemos sinalar as seguintes:

Exposición Etnográfica.

"Beluso no recordo", retrospectiva que recolle cen anos de fotografía na rexión.

Recuperación da Festa dos Mozos.

COLECTIVO DE REBOLO

Colectivo de Rebolo nace a principios do ano 95, co fin de tentar facer un festival musical, no exterior e de carácter anual.

Tras varias reunións xurde o ¿Qué facer o resto do ano?. Así a finais do verán do 95, organizase a primeira actividade, unha charla co título "unha economía doméstica ecolóxica".

*Dende esta primeira charla ata o día de hoxe, o colectivo compóñenno 10 rapaces da vila e se levan feito charlas, exposicións, teatro, ciclos de cine e a edición de tres festivais de rock, chamados "Rebolo*Rock".*



Praia de Beluso a Primeiros de século - Foto arquivo "As Lagoas"

AMOR Á ARTE

Por Manuel P. Rúa

Pensan algúns que onde a ría se chama Bueu apenas hai algo máis ca praias, veraneantes ilustres, balonmán, conserveiras, lonxa, Corpus, viño de Cela ou viaxes á illa de Ons. Certo é tamén que aquí, coma en Madrid ou Buenos Aires, hai moito clon de Julio Iglesias, astutos investidores en bolsa, afiliados ás tascas do viño canalla, artistas do piercing, torturadores de bonsais, Maradonas por milleiros, etc. etc. As mesmas máscaras dos mesmos entroidos, como se fose un país de repretición, de karaoke.


Pero acontece que esta mañá, mentres a maioría da xente almorza, leva os nenos á escola e vai traballar, a panadeira, recién chegada ó seu cuarto, olla para o interior do armario onde non hai berce nin patucos, non recende xa a colonia infantil nin a biberóns, queda a penas o vello axóuxere pendurado como recordo e o álbum das vellas fotografías. Hoxe a súa filla cumpre dez anos. Á mesma hora déitanse os mariñeiros de baixura. Son parte dun pobo invisible que traballa na noite para que outro viva cada día.

Hai moita xente que non sae nin na letra pequena, moito pobo anónimo que traballa por amor á arte. Non ten prezo o bo labor do pan nin o traer a terra o peixe de cada día, pero que dicir cando os protagonistas do milagre aínda embarcan na aventura de montar unha asociación cultural ou traballar nos problemas socioculturais de Bueu, promovendo o cambio, o debate das novas ideas, a mellora da sociedade, todo un estilo de vida normalmente ignorado, cando non desprezado, polas máscaras e os falabaratos, eses que alcuman en vez de botar unha man, os que odian canto ignoran.

Como a filla da panadeira, a asociación cultural As Lagoas tamén cumpre dez anos e teño para min que o teatro, as vellas fotografías e a memoria histórica, o bote polbeiro, o debate do museo Massó, etc., marcaron unha raia que vai da noite ó día, dun antes/despois en Bueu. Contra quen pensa que a historia non puido ser doutro xeito, J. Berger di que nunca máis volverá a contarse unha historia como se fose a única.

Máis dun pensamos que nesta banda da ría que se chama Bueu, houbo nestes derradeiros dez anos varios cambios imposibles de entender sen As Lagoas, recendo de pan cada mañá, de peixe fresco na lonxa, do labor mancomunado de quen traballou pola cultura da noite para facer o día.

Catorce de outubro de mil novecentos noventa e oito.



ISSAC DÍAZ PARDO

31-X-98

Associació Cultural "AS LAGOAS"
Buen

Benquerido amigo,
Tendo conhecimento que esa asociación está a cumprir dez anos de vida desde a súa fundación, quero felicitavos a fin de a promover e desenvolver, que non afloxedes, e que rifades empraxadoa, pois as cousas que duran é porque cumpren unha función satisfacendo necesidades auténticas.

Apertados Teusos
Díaz Pardo

"La civilización es memoria."

Valentín Puig.

Eduardo Galeano, un dos escritores máis profundos do noso século, denunciou o carácter amnésico da nosa sociedade. O esquecemento é un dos pecados modernos máis perigosos. Quizais agora que Fukuyama preconiza o fin da historia sexa precisa a nostalxia do futuro que atopamos en miles de vestixios do pasado.

Nunha conferencia na vila de Cangas o arqueólogo Anxo Acuña fixo unha afirmación provocadora, no senso profundo desta palabra: evocadora de diálogo, sostíña que "a nosa lingua é mediterránea, as leis son mediterráneas ... , neste país atlántico o único auténticamente noso está na prehistoria." Creo como Cortázar que "o mestizo é o home total", por iso, nesta terra de mestizaxe una lingua mediterránea é o noso ser, e unha fachada, un muiño e un museo que leva o noso nome pegado ... o esencial do patrimonio non é o seu valor monetario senon o seu óptico carácter definidor.

Nun pobo pouco concienciado na defensa do propio, pouco lúcido para notar o importante do que posúe como patrimonio de todos é magnífico atoparse cun grupo como o da A. C. As Lagoas.

Coñecía a moitos dos seus membros, moitas das súas loitas, valoraba moitos dos seus esforzos. Era fermoso notar que cerca había sensibilidades próximas loitando polo mesmo: a reconstrucción dos muiños, a conservación das fachadas, a recuperación do Museo Mariñeiro, a recreación do bote polbeiro... Esta sintonía facíame admiralos.

Unha tarde aquela harmonía fíxose maior, formalizouse en reunións para defender unhas mámoas e comprobei con entusiasmo que os membros da A. C. As Lagoas eran quen de escoitar e de acoller, con xenerosidade intelectual, outras voces que sen estar no seu seo tiñan obxectivos comúns.

Faleivos da súa sensibilidade para a memoria e para a acollida pero estes valores serían pobres se non fosen semente, se non estivesen abertos, se non tivesen como obxectivo final o coñecemento e o disfrute por parte de todos, e aí están as rutas dos muiños, que con tanto entusiasmo e elocuencia nos transmite Antón, como exemplo do seu afán divulgador.

En fin compañeiros - "que tenemos que hablar de muchas cosas".-xa vedes que non quixen facer un compendio das vosas fazañas, coido que están presentes nas mentes e nos corazóns de tódolos veciños de boa vontade, senon unha breve reseña agradecida de quen se veu acompañado en sensibilidades, acollido nas súas ideas, e de quen aprendeu de vos unha parte de sí mesmo que é máis profunda porque non acaba en min e está nos habitantes de Bueu, aínda naqueles incapaces de notalo. Estou certo que o voso traballo fará que a cada volta sexan menos.

Graciñas por todo.

Salvador Castro

OS XOGOS POPULARES EN BUEU

O xogo tradicional está integrado no sistema sociocultural da comunidade. Analisando o xogo podes chegar a entender o comportamento colectivo xa que recolle na súa esencia os sentimentos, sensacións, complexos, atavismos e modos de percepción que van da perguiza a afouteza.

Son un modelo da realidade social na que se produce pois aínda que sexa importando, sempre recolle adaptacións propias das características psicolóxicas do pobo que a práctica.

O xogo popular transmítese de xeneración en xeneración constituindo deste xeito un forte nexo de unión entre maiores e pequenos xa que os primeiros van ver proxectada a súa infancia e as súas lembranzas nos rituais e habilidades que practican os máis novos cando están con eses xogos.

A sociedade actual foi arrinconando e esquecendo este tipo de manifestacións lúdicas sendo substituídas por formas de entretenemento pasivo ou alleo ó que foron os nosos xeitos de xogar e entreternos. Así, comprobamos a desaparición progresiva do xogo popular tradicional en Bueu a partires da década dos sesenta, chegando hoxe ó esquecemento total en moitos casos.

É unha mágoa que formas de xogar tan divertidas que desenvolvían a imaxinación e habilidades e destrezas básicas non sexan coñecidas polos nosos fillos. Estamos a perder referencias culturais e patróns de xogo colectivo que ningún pobo debería esquecer.

A ASOCIACIÓN CULTURAL "AS LAGOAS" comezou unha tarefa fundamental a finais dos oitenta coa recuperación dos XOGOS POPULARES TRADICIONAIS no marco das festas de San Martiño. A convocatoria predeu rápido e, a pesares de que cada vez vai sendo máis difícil atopar espazos axeitados para desenvolver os xogos, podemos asistir a un renacemento de formas tradicionais de xogar, e ver como nenos, adultos e vellos compartían a satisfacción de participar no Campionato de Trompos.

O camiño aberto pola Asociación Cultural "As Lagoas" xa vai sendo utilizado por institucións e Asociacións de Veciños que, periodicamente inclúen nas súas programacións de actividades os xogos populares tradicionais de Bueu. Así podemos ver como xogar o marro, a cachiza, os pelouros, os aros, o galope, a churra, etc., tamén é divertido para os nenos de hoxe que participan masivamente nestes eventos.

A variedade e riqueza motriz dos xogos tradicionais de Bueu é un patrimonio que temos aí e que non debemos deixar perder para as xeracións vindeiras xa que representan, a par que outros, uns dos valores culturais de referencia para cada pobo.

Para remate quero deixar constancia do recoñecemento e institucional para coa labor que ven desenvolvendo a Asociación Cultural As Lagoas en tódolos eidos da Cultura en Bueu, labor de promoción, dinamización e apoio a outras iniciativas, que fai ver como se pode traballar en positivo polo noso pobo.

Manuel Otero Pérez



Francisco Fernández Del Riego
Presidente da Real Academia Galega

A homenaxe que se lle fixo no 1997 a
Johán Carballeira en Bueu, deume pé para coñecer o
labor cultural que andaba a realizar a agrupación "As
Lagoas".

Agora, ao se cumprir o décimo
aniversario da súa existencia, prácame ofrecerlle os
meus parabéns pola actividade que ven
desenvolvendo ao servizo da cultura galega.

Francisco Fernández del Riego



BREVE RELATORIO DE ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN CULTURAL "AS LAGOAS" BUEU ANTIGO

A xente de idade é a que contempla con maior interese a proxección de diapositivas de Bueu antigo. Durante as repetidas sesións celebradas na Casa da Cultura, sempre había avoas que pasaban todo o tempo apoiadas sobre os respaldos das butacas dianteiras. Miraban as escenas dos seus tempos mozos con tanto entusiasmo que se esquecían de sentarse comodamente. O espectáculo audiovisual tamén causa expectación a tódolos públicos. Proba dela é que o local municipal sempre quedaba abarrotado, de igual forma que os bares e terrazas onde instalabamos o proxector.

A colección de diapositivas, ademais de conter imaxes da vila desde primeiros de século ata os anos 70, inclúe tamén reproducións de noticias do periódico "La Voz de Bueu" de 1906. Daquela construíase a Casa do Concello e entre os veciños había polémica pola ausencia de balcóns deste edificio na fachada que dá á rúa Eduardo Vincenti. A algúns lles parecía mal porque así non ía en harmonía coas demais casas da zona. Tamén por aqueles días, a redacción do quincenal alarmaba ante o uso da dinamita polos barcos da sardiña.

Presentamos o traballo a unha convocatoria de axudas para temas de fotografía e a Consellería de Cultura concedeunos unha subvención. Como contrapartida, cedemos unha copia da colección para o arquivo de imaxe deste organismo da Xunta. Así pois, calquera investigador que desexe coñecer cadros da vida deste pobo mariñeiro xa ten onde dirixirse.

Sen a colaboración dos veciños sería imposible conseguir esta colección da máis dun cento de diapositivas de Bueu antigo. Agradecemos especialmente a participación de Tito Otero e das persoas que cederon as súas fotos para pasalas a diapositivas: Xosé María Estévez, Josefa Pais, Salvador e Paco Carballal, José Ramón Domínguez (Pin Cabanillas), Atilio Gaggero.

Así mesmo estamos agradecidos ó Concello de Bueu por cedernos un tomo con varios números encadernados de "La Vos de Bueu" para reproducir algunhas noticias. E lamentamos que na actualidade este documento periodístico estea en paradeiro descoñecido.



Praia de Pescadoira a primeiros de século - Foto arquivo A.C. "As Lagoas"

CINE NA RÚA

O cine na rúa foi unha das nosas primeiras actividades. Estimulounos as proxeccións que presenciámos en Cangas no Eirado do Costal. Mirar imaxes sobre unha especie de saba colgada dun balcón sentados no chan producía unhas sensacións engadidas ás das salas escuras. Pensamos que era unha boa idea para trasladar á nosa vila, onde había 8 anos que pechara o Cine Avenida, a última sala que quedaba.

Así que en 1988 fomos falar cos responsables do Centro de Benestar da vila veciña para organizar o mesmo en Bueu. Sen a colaboración desta dependencia da Concellería de Cultura de Cangas non poderíamos facer nada, polo menos cando empezamos. Compartiamos o proxector, a pantalla, os altofalantes e as películas.

En agosto do primeiro ano pasamos "Indiana Jones", "Regreso al futuro", "Terminator" e "Granujas a todo ritmo". Colgábamos a pantalla na rúa da Travesía da Banda do Río e na fachada da Casa do Concello. Ou sexa, dispoñíamos de dous espazos a ceo aberto para repartir a actividade entre as zonas céntricas da vila.

Na Banda do Río podíanse ver as películas ó dereito e o revés. Démonos conta cando observamos que os espectadores colocaban as banquetas que traían de casa a ambos lados da tea branca suspendida por cabos que saían das ventás. Os espectadores que sentaban enfrente o proxector só notaban unha diferenza respecto ós que miraban a película ó dereito: tódolos actores eran zurdos.

A maioría dos asistentes eran rapazas e rapaces. Pais de adolescentes tamén contaban que as súas fillas se encontrasen entre os espectadores, pero, con frecuencia, non era así. Os mozos e mozas poñían como excusa que ían ó Cine na Rúa para saír de casa nas noites deses domingos de verán. Comprobamos isto cando a película proxectada era máis curta que o normal. Os proxenitores apareceron nada máis poñer "Fin" e non atoparon rastro deles. Presentáronse máis tarde, cando supoñían que debería rematar a película. Para evitar posibles broncas familiares deberíamos indicar a duración de cada sesión.

As Lagoas organizou esta actividade ata 1995. Durante os oito anos tamén programou cine ó aire libre nalgún verán o Concello. O actual Goberno leva dous veráns proxectando películas. Gracias a esta iniciativa da Concellería de Cultura, os veciños das parroquias e aldeas tamén poden gozar das imaxes da pantalla grande. Os rapaces e rapazas de Meiro, Cela e Beluso, así como os da vila, desexan que o cine ambulante os siga visitando en anos sucesivos.

Cine na rúa



Lugar: Travesía Banda do Río



Organiza: Asociación Cultural "As Lagoas"

Colabora: Zona Peatonal

1014
Cartel de Cine na Rúa de 1994



Participantes no X Maratón Fotográfico de 1998
Foto arquivo A.C. "As Lagoas"

MARATÓN FOTOGRAFICO

O maratón fotográfico é unha actividade que en 1988 producía moita curiosidade. Ata aqueles anos só coñeciamos os concursos de fotos sobre temas diversos: retratos, paisaxes, escenas da vida... Esta actividade parecíanos orixinal: nun tempo limitado media hora, por exemplo os participantes teñen que tomar varias fotos dun tema determinado que se descubre no mesmo momento.

Celebramos nas Lagoas o Maratón na mañá dun domingo de outono. Durante 10 anos tivemos que aprazar o día por causa da chuvia nalgunhas ocasións. Nese mes loce un sol moi adecuado para as fotos pero sempre existe o risco de que nos acompañe a auga.

A media de participantes anda sobre as 40 persoas, cunha ampla participación de mozos e mozas de menos de 14 anos.

Escollemos cinco ou seis temas que deben quedar captados en 24 imaxes. Os organizadores seleccionamos as máis destacadas para amplialas e expoñelas durante as festas do patrón, San Martiño. Tódolos fotógrafos teñen a satisfacción de observar polo menos unha das súas tomas ampliada na exposición. Non nos gusta dar premios nin elaborar unha lista coa clasificación. Sinxelamente, os autores máis afortunados teñen máis fotos expostas.

Gracias ós 10 maratóns posuímos, ademais da colección de 700 imaxes bonitas de Bueu, o rexistro da evolución do municipio nesta década. Nas fotos aprécianse os cambios de urbanismo, do porto, dos barcos, da xente.

As Lagoas non podería celebrar esta actividade se non fose pola colaboración entusiasta de Amando Fotos. Facilita os carretes, revela as fotos e amplía con profesionalidade as imaxes que logo colgan nas paredes da sala de exposicións.

DEFENSA DO PATRIMONIO DE BUEU

Non hai nada que identifique tan claramente a cultura dun pobo a través do paso dos séculos como é o patrimonio arquitectónico, construído a través do tempo sempre respetando o medio natural. Mentras que para algúns isto non ten valor algún, para outros forma parte da súa vida. O afán de querelo cambiar todo non é compartido polos que amosan máis sensibilidade e pensan que o legado do noso pasado ten que ser respetado e conservado.

O patrimonio arquitectónico de Bueu é moi rico e variado, polo que non se pode pasar por el con indiferencia, ten que ser coidado e mimado xa que o seu deterioro ou perda é irreparable. A Asociación Cultural As Lagoas ademais de loitar pola conservación do mesmo, pretende crear un ambiente de preocupación e sensibilizar a través de reivindicacións, feitas como opción individual ou conxuntamente con outros colectivos. Así, pouco a pouco vanse acadando froitos: a

protección das Mámoas de Castiñeiras que forman parte das raíces do noso pasado; o Museo Massó, parte esencial da nosa historia; as fachadas do frente marítimo, reflexo dun pasado que non debe ser esquecido; recuperación de muiños, cruceiros, lavadeiros e fontes, construcións populares cun papel insustituible no desenvolvemento social e económico no pasado.

Temos señas identificativas tanto do patrimonio cultural como do patrimonio natural que hai que conservar, coidar e promover porque constitúen a nosa memoria histórica.



Fachada Museo Masso - Foto arquivo A.C. "As Lagoas"

RUTA DOS MUIÑOS

Alguns de nós ignorabamos que eran eses montóns de pedras ou pequenas construcións que aparecían nos bosques ó lado dos ríos. A maioría delas atopábanse tan ocultas entre a maleza que custaba relacionalas cos muiños de auga onde os nosos avós ían moer millo. Pero xa viñan de moito atrás: hai escritos que demostran que no século XVI xa existían en Cela. Xogaban un papel de primeiro orde no desenvolvemento económico e sociocultural das parroquias.

En 1994 propoñémonos percorrer os que están á beira do río do Barranco do Inferno, na parroquia de Cela. Dias antes necesitamos abrir o camiño con fouchiñas ben afiadas porque se non o paso sería imposible. Nese ano inauguramos a 1ª Ruta dos Muíños. Durante o percorrido os participantes reciben información do funcionamento destes aparellos hidráulicos e tamén da flora que se atopa polos sendeiros.

Con estas excursións, As Lagoas pretende dous fins: dar a coñecer este patrimonio histórico esquecido e impulsar o sendeirismo. Comprobamos a boa acollida dos participantes porque durante todas as edicións esgótanse as prazas, desde a primeira ata a quinta, celebrada no verán de 1998.

Parece como se camiñar rente a estas construcións en ruínas lles devolvera a vida. Así ocorreu polo menos en tres deles. En 1997 a Concellería de Turismo aproveita unha subvención da Xunta e restaura tres muíños, un en cada parroquia: Avical, en Bon-Beluso; Tombo, en Cela; e da Presa, en Bueu. O primeiro, o máis espectacular de tódolos do municipio, ten unha canle de 16 metros por onde vai a auga que entra nun cubo cilíndrico de 8 metros de alto.



*Unha parada no muíño do "Tombo" na ruta de 1998.
Foto arquivo A.C. "As Lagoas"*

BOTE POLBEIRO

Coa construción do bote polbeiro demos a coñecer ás novas xeracións a embarcación característica de Bueu a primeiros de século. Non é unha novidade que a flota de Bueu viva agora sobre todo do polbo. En fotos antigas aprécianse a cantidade de botes polbeiros que fondeaban na praia da Banda do Río.

A Consellería de Pesca concedeunos unha subvención en 1994 para recuperar esta embarcación tradicional. No asteleiro de Manuel González (Purro), da Banda do Río, tomou forma. Antigos polbeiros do municipio lembraban anos de xuventude contando historias vividas nos seus botes mentres o miraban construír ou navegar. Algúns deles foinos de grande axuda para equipar a embarcación. Colaborou de forma especial na construción da vela o señor Francisco da Crega. Incluso dirixiu ás veleiras mentres cortaban o pano

Botamos o bote, de nome "Lagoas", o 15 de xullo de 1995, véspera do día da patroa dos mariñeiros. Foi de madriña Carmen "A Crica", a muller de máis idade das que se dedicaron á venda do polbo.


Que saibamos só existen na actualidade tres embarcacións deste tipo: o do Museo Massó, o da antiga escola de carpintería de ribeira A Aixola, de Marín e o "Lagoas".



*Construción do bote polbeiro "Lagoas" no estaleiro de Manuel González "Purro", da Banda do Río
Foto arquivo A.C. "As Lagoas"*

O Concello de Bueu participa no movemento que existe en Galicia para recuperar os barcos antigos e organiza a I Concentración de Embarcacións Tradicionais en 1996 e, o ano seguinte, a segunda. Con motivo da celebrada en 1997, os participantes navegaron ata a Illa de Ons.

A asociación Cultural As Lagoas invita ós veciños de Bueu a que formen un colectivo de Amigos do Bote Polbeiro coa finalidade de estimular a navegación a vela tradicional e a construción de novas unidades destas características.



*Para
As Lagoas*

Cesar Portela, arquitecto

Cesar Portela

A IMPORTANCIA E A NECESIDADE DA INTERRELACIÓN NO ASOCIACIONISMO

Asociarse é un dereito natural que ten toda persoa, por unha serie de inquiredanzas inherentes ó propio ser humano e ás súas necesidades, para acadar distintos fins, maiores recursos e máis servicios, para satisfacción dunha mellor calidade de vida da sociedade. De aí que xa antes de que apareceran na historia os estados, nacen as asociacións, pola defensa de intereses comúns específicos.

Nun estado plural e democrático, asociarse é un dereito constitucional sempre que os fins que se perseguen non constitúan delito- exercendo a liberdade ideolóxica dos seus membros.

Na actualidade a vida dun pobo, dunha vila ou dunha cidade, estaría coxa, se non houberse un movemento dinamizador e vivo das distintas asociacións que compoñen a actividade social e cultural dos concellos.

Se importante para unha localidade é ter bos gobernantes que saiban encauzar a vida política, respectando a pluralidade e loitando polos intereses dos cidadáns e pola mellora dos servicios, non menos importancia teñen as asociacións, que preocupadas por solucionar e satisfacer necesidades da colectividade, non dubidan traballar en prol da mesma, sen ánimo de lucro e de xeito puramente altruista para que se subsanen as carencias que padecen nos distintos campos que configuran a vida social e cultural dunha vila ou dunha cidade, nun esforzo común.

As dificultades coas que se atopan as distintas asociacións para subsistir e levar a cabo os seus proxectos son múltiples e, mesmo os atrancos para acadar subvencións, que fagan realidade os fins para os que se crearon. Pese a estas dificultades cabe subliñar o alto sentido de loita e constancia que amosan na consecución dos seus obxectivos.

O caso da vila de Bueu é moi significativo, pois conta con máis de medio cento de asociacións que cobren tódolos eidos: clube de xubilados, deportes, música, medio ambiente, educación, cultura, lecer, mariñeiros, etc. Todo cidadán pode sentirse identificado con calquera das asociacións existentes só é mester que se integre na que máis lle satisfaga e que traballe en beneficio da comunidade.

Non cabe dúbida que o dinamismo destas asociacións mobiliza ós gobernantes e ó aparato burocrático do poder, os cales á súa vez deben favorecer tódalas iniciativas que sexan de xustiza, e sempre, que se axusten á legalidade.

Pero se importante é a actuación de cada unha delas, nos seus campos respectivos, con todo o esforzo que isto conleva, cabe subliñar aquí a grande importancia que representa a interrelación e a colaboración mutua entre asociacións, que unindo forzas sen ningún tipo de prexucios, primando sempre os dereitos da colectividade, non escatiman esforzos en unírense pola mellora do benestar común.

Dende hai varios anos véñense facendo actos conxuntos con reivindicacións e manifestacións sociais pola defensa das necesidades da nosa vila (a Cultura, a Paz, a Educación, a Pesca...)

Salientar dentro da colaboración mutua entre as asociacións a boa disposición existente co empréstimo de material, que fan unhas ás outras, pois debido á carencia de recursos por falta de fondos, unhas teñen que valerse das outras para poder levar a cabo certas actividades.

A súa traxectoria non é fácil, sen embargo está chea de ilusións e sensibilidade, loitando sempre por salvar obstáculos.

Os nosos político terían que verse no espello delas para adquirir maior sensibilidade, intencionalidade e as actitudes necesarias para mellorar a xestión política que polas furnas lle foi encomendada.

É de admirar e agradecer por toda a cidadanía o esforzo e desinterese co que traballan as distintas agrupacións conseguindo unha ampla oferta de actividades, actos socioculturais e melloras dos servicios que enriquecen a vida dun pobo e o espírito dos seus habitantes.

Deámoslle todo o noso apoio e tendámoslle unha man en beneficio de todos.

Antía Castro García

PUBLICACIÓNS SOBRE BUEU E A SUA XENTE

- **RECONOCER BUEU**, José María Estévez Castro. Deputación Provincial de Pontevedra, 1996
- **JOHAN CARBALLEIRA**, Xesús Portela. Ed. Ir Indo, 1997.
- **BUEU, OS SEUS CANTEIROS E OS SEUS RELOXOS DE SOL**, Josef van Linthoudt. 1997
- **A SOCIEDADE DE AGRICULTORES "EL PROGRESO" DE BELUSO**, Asociación O Progreso. 1997.
- **CARTAFOL DE POESÍA JOHAN CARBALLEIRA**, Colexio Público de Bueu. 1996.
- **LA IGLESIA SANJUANISTA DE SANTA MARIA DE CELA**, Xosé Carlos Durán Gallego, Manuel Verde Loveira, Belarmino Barreiro Rosales, José Verde Loira. Deputación Provincial de Pontevedra, 1991
- **O MAR DO MORRAZO**, Ateneo Santa Cecilia (Marín), Centro de Recursos Didácticos (Bueu), As. Cultural As Lagoas (Bueu), Escola Permanente de Adultos (Cangas), As. Cultural Nos (Moaña), As. Cultural O Barqueiro (Vilaboa). Xunta de Galicia, 1995.
- **AS EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA**, Staffan Mörling. Consellería de Pesca, 1989.
- **BARCOS EN GALICIA**, José María Massó y García-Figueroa. Deputación Provincial de Pontevedra, 2ª edic. 1992.
- **ISLA DE ONS**, María Jesús Otero Acuña. 1998.
- **ONS. A ARQUITECTURA DUBHA COMUNIDADE DESAPARECIDA**, Pedro del Llano.
- **A INDUSTRIA DA PESCA SALGADA (OS PORTOS DE BUEU E BELUSO)**, Arturo Sánchez Cidrás, Xosé Manuel Cerviño Meira, Xosé Luis Fernández Aldegunde. Xunta de Galicia, 1998.

Merece destacar os seguintes traballos de investigación:

- **"Noticia preliminar del primer hórreo y alfar de ánforas gallegas"**, Manuel Vázquez Vázquez.
- **"Bote polbeiro"**, "Muiños" e "Cruceiros", Manuel Aldao.
- **"A arte da xábega no Bueu de comenzo do século XIX"**, "As festas dos mozos na parroquia de Bueu" e "Unha experiencia en Bueu: o salgado badexo", Xosé Manuel Cerviño Meira.
- **A revista periódica "O Candil" do Colexio Público A Pedra de Bueu.**